A Voz do Condado

UNHA VOZ POPULAR E CEIBE

ANO I — Nadal 1977 — Nº 2 — 3 Pesos

EDITORIAL

A verdade é revolucionaria. A saida do pirmeiro nùmero da «VOZ DO CONDADO», fixo de por sí o que nin partidos, nin centraes sindicais, nin as manifestaciòs de Ponteareas na contra do seu Cacique Maior, conqueriron.

Intentos de dimisiós, berros de venganza, ameazas de morte a Xunta de Veciños, foron as pirmeiras reaciòs. Abandono da nave caciquil por parte dalgús colaboradores e o «éu non teño nada que ver con iso», estiveron a orde do día nas datas que sucederon a venta do noso xornal. Cando as ratas abandonan o barco é que hai perigro de naufraxio.

Na nosa pirmeira editorial deciase ca situaciòn que vive a bisbarra do Condado é asumida polo pobo; e polo pobo traballador na sùa totalidade. Proba disto é ca nosa tirada (1.500 exemplares) quedouse curta, e na reventa cotizabase a tres veces màis o precio a que o habíamos vendido.

A revulsión cáusouna simplesmente decir de xeito sinxelo e a todo o mundo o que todalas persoas individualmente xa sabían. O contido e a súa veracidade, foi refrendado polos coñecedores dos casos e tamén polos proprios afectados.

Nembargantes, a situaciòn segue a ser igoal, os caciques siguen nos seus postos e as cacicadas siguense a facer. A «Democracia Miragreira» é tan miragreira que mantén nas súas poltronas a quén roubou, asoballou e reprimiu pra que siga roubando, asobalando e reprimindo. Os que sempre utilizaron a xusticia pra votala na contra do pobo e convertila en inxusticia, hoxe o igoal que sempre, tratan de utilizala na contra dos que como nós loitamos pra que alumee a verdade.

A sociedade «dos favores», ainda pervive. O fascismo, e como regra propia, utilizou a concesiòn de favores pra ter atado e ben atado ò pobo. En resumen, creou unha sociedade de estòmagos agrasdecidos. E cando fixo Falla, coas mesmas artes que utiliza a «Cosa Nostra», cobrou istes favores con intereses. Iste é o caso de comilona de desagravio que se orgaiza pro cacique. Chega con repasar a lista dos orgaizadores da «cacicaxe (millor que homaxe), pra se decatar que está composta de protexidos: madeireiros, comerciantes, constructores, etc. etc., que nista ocasión, e como proba de fidelidade, poñen o seu nome o pè da convocatoria.

O sistema dende logo, està xa desfasado. Istos derradeiros corenta anos probanno. Perante íles gobernaron sempre os das comilonas, os dos estómagos cheos, i é ben sabido que cando a panza está chea non se pode pensar. Así nos foi...

"DE CACIQUIÑO A GRAN CACIQUE DE SALCEDA DE CASELAS"

INTRODUCCION

O suxeto que nos ocupa hoxe, faria palidecer de vergonza òs héroes da picaresca medieval. Fixo tantas, tan gordas e tan variadas, que ten categoría de cacique tanto no aspecto cuantitativo como no cualitativo.

O dossier que obra na nosa redaiciòn è tan amplio, que tivemos que facer unha escolma entre os feitos máis sobresalentes, pra co traballo non fose escesivamente longo. De calisquer xeito, noutra ocasiRn e si dispoñemos de espacio trataremos de relatar o resto dos desafueros diste individuo.

O CACIQUE JAIME

Nascèu en Parderrubias, parroquia de Salceda. Sendo ainda un neno estourou o «Movimiento» feito por Franco, a raiz do cal, todolos militantes de «Falange» e do «Frente de Juventudes», escomenzaron a rubir postos coma escuma.

Non tendo na sùa xoven edade ideas políticas definìidas fixose militante de «Falange», apoiado naqueles intres, e tamèn agora por uns elementos de cuidado xa conocidos por todos, Antonio Puig Gaite e Manuel Paz Sanchez, do primeiro dos cales falamos moito no nùmaro denanterior. Istes homes e màis o Sr. Rial, Presidente da Càmara Sindical Agraria, fixeron a Jaime Fernàndez Mèndez «Prohombre de la Hermandad de Labradores y Ganaderos» a morte de Rafael Tilve Adrio, antiguo «Prohombre» e o mesmo tempo Alcalde deste Axuntamento.

Como pode apreciarse, istes elementos cheran de lonxe os da sùa calaña e poñennos nos millores postos.

JAIME NA «HERMANDAD»

Estando xa no posto de «prohombre» quixo meter o seu fillo, Josè-Manuel Fernandez Rodriguez (Chicho), de Segredario Sindical pra que eisí as gañancias nos roubos quedaran todas na casa; pra iso fíolle unha traiciòn de moitos coñecida a Arturo, un home de Ourense que era o Segredario Sindical, incoàndolle un espediente e nomeando o efecto un Xuex Instructor iñorante na materia e home da sùa confianza (Boludo), co que conqueriu que Arturo fora trasladado inmediatamente.

A mesma xogada fixolla o que foi nomeado pra sustituir ò Arturo, e así entrou Chicho coma Segredario Sindical, Home èste de poucos coñecementos e pouco intelixente, que a pesares de estar estudando toda a vida, non conqueriu pasar de terceiro de «bachillerato», e mangoneado totalmente polo pai. Polo que se ve, o importante non è a capacidade senòn saber engañar a xente.

A Boludo, por facer de Xuez Instructor recompensouno cunha pensiòn de inutilidade, sendo íste home màis forte cun carballo.

Pra orientar a Xaime e a Chicho de como roubar na Irmandade, víu a Salceda moito tempo Antonio Castro, irmàn de Pepe Castro, e Catedrático nistes menesteres. Xa se ve coma os caciques se axudan uns a outros pra controlar todo. O tal Antonio Castro, estivo sustituindo a Chicho na Segredaría namentras que foi a «mili» pra que ninguèn lle arrebatara o posto, o remate foi oueto dum homaxe como pago dos ensinos dados a pai e fillo. Homaxe pagado, craro està, cos cartos da Irmandade.

Pasa a la páxina 2

PLAN DE ORDENACION DO CONDADO

Repercusivos no Acuntamento de Salvaterra de Miño

O Plan de Ordenaciòn do Condado non é un Fantasma nin foi unha pesadilla pasaxeira; è unha aberrante realidade que sigue en pe ameazando botarsenos enriba, e pra ilo o pirmeiro paso xa o deu: foi aprobado pola Diputaciòn Provincial. Cousa lòxica ò pesar dos pesares, xa que alí atòpase o cacique Maior e presidente de Alianza Popular da Provincia Antonio Puig Gaite, no seu càrrego de Vicepresidente da Diputaciòn, pra favorecerse a sí mesmo e non defraudar òs seus incondicionais, niste caso Castro e cía.

Enhoraboa traidores do Condado e, por estensiòn, de Galicia, pro ollo, a loita non fixo màis que escomenzar, o Pobo està disposto a defender a terra con uñas e dentes xa que està farto de calisquer caterva caciquil e das vosas falcatruadas e rapiña incontrolada.

ALTITUDE DA CORPORACION. — Hoxe escomenzamos por iste Axuntamento cicais por aquilo de crarexar a atitude da Corporaciòn diste municipio, xa que foi a ùneca da Mancomunidade que se opuxo o Plan. Agora ben, opùxose ù Plan escrusivamente a nivel urban (cicais porque algùs señoritos da Vila son máis bonitos cos labregos das aldeas). De por sí esta cativa oposiciòn deixa moito què desexar xa que baseàndose nunha mociòn mandada a Diputaciòn pensaron que xa o Plan iba abaixo io resultado està a vista!. Outra oportunidaade de amosar a sùa oposiciòn tiveronna na intervenciòn do Sr. Alcalde en T.V.E. què fixo; Como sempre, deu unha de cal e outra de area, è decir, non dixo ren. E pra rematar, amosaron a sùa «oposiciòn» ò Plan de xeito màis craro: non se xunguiron a loita popular. Polo tanto sobran comentarios.

QUÈNES PAGAMOS E PRA QUÊ PAGAMOS?

Iste Axuntamento ten unha poboaciòn total de 9.260 habitantes, dos cales viven no urbàn 523, o que representa o 4,94 por cento do total, namentras que no rural viven 8.737.

Pasa a la páxina 3

"De Caciquiño a Gran Cacique de Salceda de Caselas"

CHICHO CHEGA A ALCALDIA

Sendo Alcade D. Manuel Gonzàlez Barros, home honrado, tivo a desgracia de poñer de Concelleiro a Chicho, ainda nos lembramos de cando dixo «traigo a Chicho conmigo para enseñarle a ser honrado, ya que con el padre no puede saberlo».

Pro Chicho colleu millor as ideas do pai.

Mercados por Jaime os outros Concelleiros que Barros pensou que lle eran leales, botaronno fora e meteron a Chicho no seu posto. A partires dise intre, Jaime fíxose tamen dono do Axuntamento, xa que coma díxemos denanteriormente, Chicho non è màis cunha marioneta nas mans do pai.

RELACION AXUNTAMENTO--IRMANDADE

Unha proba dista relaciòn è a que sucedeu hai unhos meses. Os veciños da Vendanova manifestaronse por causa dunhas pedras que tiñan no Grupo Escolar da parroquia e que lle foron roubadas pelo Alcalde sin haberlle avisado siquera. O remate dista manifestaciòn, foron entregadas no Axuntamento unhas firmas dos manifestantes pra que lles foran devoltas as fontes de pedra. Ditas follas coas firmas apareceron òs poucos días no despacho que ten Jaime na Irmandade onde amenazou a todos aquíles que habían firmado con dalos de baixa na Seguridade Social.

De todos son ben coñecidas as amenazas de Jaime a xente, xa que ben nos lembramos de que cando foron as eleiciòs a Cortes de 15 de Xuño, íl màis o fillo iban por todallas parroquias amenazando que si non votaban por A.P. (Alianza Popular), dariannos de baixa na Seguridade Social ou quitaríalle certas pagas coma de inutilidade, retiros, etc..

Jaime leva tamèn a corresponsalía do «Banco Herrero» onde tiña unha oficina hastra fai pouco na Irmandade, e chega a sùa cara dura cando an tal Sr. Taboada de Vigo, que ven pagarlle òs obreiros que traballan na Pescanova, estàn sempre presentes Jaime e Chicho e amezan òs traballadores con non voltar a traballar se non abren unha conta ou cartilla no banco que íles representan.

ROUBOS DESCARADOS

Cobran pensiòs de inutilidade e invalidez tipos màis sans que carballos. Descontalles a todos o cobrar os atrasos hastra un 70 por cento pra gastos de tramitaciòn, segùn dí íl, e ísto proporcionalle grandes ingresos.

Recibiu do Ministerio de Agricultura varios millòs de pesetas pra millora do gando. Destes cartos non se víu cadela, xa cas milloras estàn a simples vista: NINGUNHA.

A seiciòn comercial da Irmandade ten unha sucursal en Budiño, barrio do Cerquido, onde se fan os grandes estraperlos cos productos do campo cos labregos non levan. Faise do seguinte xeito: Asínaselles òs labregos unhas cantidades moi elevadas de piensos, sulfatos, sementes, etc., e fanlle firmar a cada un os pedidos; unha vez recibido o material os labregos non levan máis do que necesitan (si llo dan) e todo o material sobrante vendeo Jaime a precio comercial, tendo diste xeito unhas gañancias moi satisfactorias.

Mangoneando ò fillo, còbrase no Axuntamento varios milleiros de pesetas pra manter a gardería de montes, embolsandose íles os cartos, xa co ùneco garda forestal que había atòpase retirado dende fai anos.

Xustificouse a inversiòn de moitos milleiros de pesetas na construcciòn da presa dos Agoeiros, cando a dita presa xa estaba feita dende hai màis de vinte anos. Levouse a cano a inauguraciòn a que asistiron entre outros, Castro, o irmàn, e os caciques provinciais. O vergoñento do caso foi que asistiu algunha xente do Axuntamento e que todos sabían que era unha farsa, pro como houbo un bon xantar, non se astreveron a dedirlle onde estaban os cartos xustificados na construcción da presa.

Tamèn Jaime vendeo os grupos de Colonizaciòn da luz, que son veciñales, da Picoña e de Parderrubias à Empresa Electro Alto Miño, embolsando os cartos e non dando conta dos mesmos a naide.

Tamèn había que perguntarlle a iste elemento que foi o que lle fixo a unha obreira de Himahe — finca do Pegullal—, respecto a unha cantidade que tiña que recibir por accidente de traballo e que nunca recibiu, pero cando foi o I.N.P. pra saber por que non cobraba, mostraronlle un recibo mandado por Sindicatos de Salceda, pro a firma que tiña non era a sùa: habíanlla falsificado.

A outro home, que ainda è algo parente díl, veciño do bairro da Devesa, que tiña que cobrar bastantes cartos por atrasos, fixeronlle semellante desconto co coitado casi non cobra ren, pro íl tivo que firmar pola cantidade total.

A un industrial dista Vila, que tiña unha ferreteria, querianno chantaxear o quitarlle màis de cen mil pesetas pra arreglarlle un asunto no I.N.P. de Vigo.

Dous obreiros que ten permanentemente traballando na sùa finca da Paxariña, teñen unha pensiòn de inutilidade laboral mensulamente, e tal pensiòn è o xornal que perciben polo seu traballo, ou seña son esplotados de xeito gratuito.

Meteu na Seguridade Social como braceiros do campo por conta allea, a xentes que son teratenentes, industriaes, etc. deixando fora a moitos que deberían estar. Ista maniobra dalle moi bos resultados xa que eisí domina a moita xente e se aproveita dela, como por exemplo cando conqueriu a finca da Paxariña, foronlle traballar pra alí gratuitamente, baixo a amenaza de dalos de baixa na Seguridade Social, tractoristas, canteiros, e outros moitos màis.

Quitoulle o seguro de viudez à Redosinda, unha muller da feira, porque o seu fillo, Fino, nunha xuntanza da Asociaciòn de Veciños, falou de controlar os cartos da Irmandade «pra co cacique non mercara màis coches a conta dèles», e como ò fillo non tiña por onde collelo, pagouno a nai.

Cando a Granxa de explotaciòn agrícola do Pegullal escomenzou a funcionar, quería aproveitar as augas do rio Caselas pra os regos e outros menesteres. Jaime negouse inmediatamente a ísto porque os donos da Granxa non lle deron nada que comer.

Pra iso montou no seo da Irmandade unha Cooperativa de Regantes que custou màis de medio millòn de pesetas. Nistes gastos entraron os honorarios do Notario e os viaxes que fixeron a Oviedo íl, Antonio Castro e as mulleres, parando nos millores hoteles e convertindo a conta dos contribuintes, un viaxe de traballo nun viaxe de placer. E pra rematar os regantes pagaron relixiosamente, pro, non lle deron recibo nin xustificante algùn dos gastos.

O Manolo o de Entienza, un home coxo (inutil), tiña que cobrar polo seguro a inutilidade que ascendìa a duascentas mil pesetas. Pra ter gañancias neste diñeiro, o Jaime dìxolle que ises cartos non lle iban a vir màis e que habìa que arreglalo doutra «maneira»; entòn o probe home dixolle que si lle arreglana iso dàballe a mitade. O cabo de oito dìas, o home cobra o seguro de inutilidade, ou millor dito, a mitade, è decir cen mil pesetas, e Jaime as outras cen mil, todo ìsto na Irmandade.

O Xosè Oliveira (Pepe do Longo), fìxolle un pozo na casa da Paxariña e por pasarlle o recibo do cobro, o Jaime denunciouno a un Inspector amigo seu de Vigo, e tivo que pagar unha multa por non ter os cascos postos na cabeza.

Iste caso non è o pirmeiro xa que a calquer persoa que lle teña que cobrar una factura amenazaa con denunciala a Inspecciòn de Traballo.

JAIME PRACTICANTE

Jaime è o Practicante Municipal da Seguridade Social do Axuntamento, percibindo por ìsto màis de setenta mil pesetas mensuales, pero o conto e que naide ou poucos o saben, xa que endexamais desempeña iste traballo.

Fai poucos dìas, a unha muller de Entienza que levou a sùa filla recien chegada dun sanatorio de Madrì, a prollè unha inieciòn urxentemente por precripciòn mèdica, contestoulle que non era hora de poñer inieciòs e que xa estaba canso de aturala.

Outra muller que levou un neno de meses tamen pra lle poñer unha inieuciòn, dìxolle que non tiña tempo e que lla puxera èla, entòn cun boligrafo pintoulle un circulo no cù o rapaz e mandouna pra casa, decíndolle que era dentro do circulo onde tiña que porlla.

Puxo no edificio de Sindicatos un consultorio particular habilitando pra ìso unha sala e na que consultaba como si fose un licenciado ou doutor en meiciña, cobràndolle as consultas òs que alì iban. Como se lle consinte ìsto a unha persoa que non tentìduo de Mèdico, e que pode ocasionar perxuicios òs enfermos?, —

Porquè o Mèdico, o Boticario ou o Alcalde non o denunciaron?. A xente tenlle medo, e non è pra menos xa que ten as costas ben gardadas.

È triste, cun simple «pinchacùs» teña aterrorizada a toda Salceda, e campe polos seus respetos en todolos terreos: no laboral, no politico-local, na Meiciña, etc., convertìndose na reencarnaciòn do «Licenciado Vidriera» pero con fortuna.

OS CACIQUES NON DEIXAN A IRMANDADE

Cunha nova Lei que saiu fai pouco e nà cas Irmandades desaparecìan, Jaime viuse un pouco apurado, xa que era conscente de que se lle acababa o «chupe» nise sitio, polo que orgaizou unha sociedade de labregos na que puxo de presidente a Plàcido Ozores Lorenzo, home da sùa confianza, compañeiro de parranda, e garda forestal de ICONA por ista zoa.

Non se compreende como houbo xente que se afilìou a tal sociedade, coñecendo como coñecìan a cras de peixe que è o Jaime.

È un deber advertir a todos aquìles que non se decataron da maniobra de non querer deixar a «casa», e o mesmo tempo do deber que temos de botalos fora pra que non rouben a máis ninguèn ecrear unha sociedade de labregos e gandeiros democràtica e rexida por nòs mesmos.

È hora xa de cos labregos teñan un sindicato controlado por ìles e non por caciques.

O CHANCHULDO COA ASOCIACION DE VECIÑOS

Creóùse en Salcedo unha Xunta Xestora pra formar a Asociaciòn de Veciños representada polos tres bairros, e con destiño a solucionar moitos problemas e reivindicar unha serie de necesidades pràs parroquias esquecidas polo Axuntamento.

Conscentes ìles de que dita Asociaciòn ìa a crearlles unha oposiciòn forte, o cacique reuniu na finca que ten na Paxariña un grupo de xentes (unhas engañadas e outras aliadas do caciquismo), con motivo de crear ìles outra Asociaciòn co mesmo nome ca denanterior, coa finalidade de confundir à parroquia e además pra que non legalizaran a denanterior en Pontevedra, — por cà Lei decìa que non podìa haber màis cunha asociaciòn en cada parroquia.

Por culpa diste elemento, a Asociaciòn do pobo ainda està sin legalizar, gracias as sùas amistades caciquiles de Pontevedra.

Xosè da Carballeira

A VERBA ACOTADO

Acotado e unha verba feixista, ameazante, com aquel que di, para, non ouses meterte eiqui nesta propiedá de poderosos, niste cerco que pra seu recreo reservan os que son mais ca ti, mais ca toda viciñanza. O berme da cobiza roelle as suas mentes cargadas de iñorancia e maldade, degoran ser donos de tudo. Acotan os montes e os rios, pra trupar por eles cargados de sobervia con escopeta ou cana de pescar considerandose donos dos peixes dos rios e da caza montaraz, queren ser os donos do Mundo pra ser poderosos e poder asoballar. Causa xenreira ver como polas orelas dos rios e polos montes, foron postos grandes letreiros cua verba ACOTADO. O paisán, a xente de cada bisbarra, debe arrincar istes letreiros con esa verba ameazante, tirar con eles, enterralos pra sempre.

Os promotores dos ACOTADOS son xente nefasta pra unha sociedade humán, son mais ben xente con inclinación a sociedade anonima S.A. donde se esconde moito ladrón do pobo. Istes «señores» de botas que cazan con furón, que pescan con artes malinas como si non quixeran deixar nada por donde pasan, astrevense a impoñer leises, leises sempre o seu favor e mais o da sua calaña. Acota, prende castiga, mata, asoballa todo o teu paso, esa é a sua consina.

O home debe ser ben concenciado, respeitar a Natureza, vedas, tamaños ecta. pro nuunca porlle coto o home. O home, debe ser libre, amigo do home, sin esa cobiza de querer todo pra el. O home, debe sorrirle a vida e os seus semellantes, debe amar enteiramente a Natureza.

Sabese ben que o inquisidor, o feixista, o cacique, non quere igualdá, non quere libertá, non siste amor, ten o miolo esmirr ado, ten duro o coiro e o corazón, quer o mando pra asoballar non pra servir.

Non os cotos privados, non a mais abusos dos caciques. Paisanos acabai pra sempre cua verba ACOTADO. Jesucristo dixo, «Todo home é meu irmán».

XOAN DE OLIVEIRA

Non, a cuota empresarial da Segurida de Social Agraria

Imaxínese vostedes por un intre, e poñendo en xogo todas as suas capacidades de abstraución que se crease un seguro de automóvil que tiveran que pagar tanto os que o teñen como os que non. En principio a cousa movería a risa, pensaríase que se trataría dun erro, pro cando chegara o cobro do seguro as posibles airadas reclamacións que se produxeran por parte dos carentes de coche serían entendidas como a cousa máis xusta do mundo, posto que é incomprensible pagar un seguro que non vai cubrir nada aos non usuarios de autos.

Pois ben, o que vimos de falar non son nin acertixos nin historias de cencia-ficción sinón máis ben unha realidade que estase a dar decote coa chamada Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria. Iste seguro que cubre aos obreiros agrícolas teñen que pagalo tanto os que os teñen como os que non, xa que se considera empresario a todo aquel propietario de terras e todo empresario ten que ter obreiros e si non os ten, pois invéntanse. Diste xeito os labregos galegos donos dunhas pequenas leiras, cunha débil producción e unha productividade a todas luces irrentable, sin asalariados, traballando toda a familia arreo pra poder subsistir en condicións propias da edade media, e sin vacacións en todo o ano, axudan a financiar os seguros dos grandes propietarios españoles con «cortijos» de centos de heitáreas, dúcias de asalariados, millóns de pesetas no peto e con vacación tódolos dias do ano.

Isto que pra calquer persoa con dous dedos de frente resultaría insólito, difícil de entender, está ocurrindo hoxe eiquí, no campo galego: uns labregos probes, considerados empresarios, pagan un seguro que non lles asegura nada porque non teñen obreiros pro é porque xa asegura aos dos terratenentes doutras zonas cargados deles. Curioso xeito de entender a «solidaridade de todos os españoles».

Pois ben Galicia enteira xa se ergueu contra ista estafa «legal» que é a Cuota Empresarial, primeiro milleiros de labregos mediante cartas, escritos, etc. pero ninguén lles fixo caso, no mes de setembro manifestaronse en Monforte milleiros de labregos de todo o país, e agora acaban de negarse a pagala cuota centos de parroquias de toda Galicia, en Lugo e Ourense axuntamentos enteiros, eiquí mais cerca nosa negaronse a pagala Cuota case todolos veciños das parroquias de Cans, Budiño, Chenlo, Mosende, do axuntamento do Porriño, e tamén algunhas de Mos; e xa entre nos a negativa a pagar a Cuota foi maior nas parroquias de Cristiñade e Gulans.

Así posi nós dende eiquí alentamos aos labregos que aínda non foron a pagar a chamada contribuición, que NON PAGEN A CUOTA EMPRESARIAL, pois xa ven que non están soios os que se negan a pagala, milleiros de labregos xa o fixeron antes.

OLLO CO RECIBO DO «SINDICATO»!

Os labregos que xa pagamos a contribuición queremos denunciar ós chupóns das antiguas Hermandades de Labradores y Ganaderos, que dispois de haber desaparecido, estes caciques queren seguir vivindo a conta nosa e así tentaron de cobrarnos o chamado recibo do «Sindicato», cousa que non ten esplicación, pois como xa dixemos estas Hermandades desapareceron, así pois alertamos os que xulgan a pagar a contribuición a que se neguen a pagar o recibo do «Sindicato».

PLAN DE ORDENACION DO CONDADO

Repercusivos no Axuntamento de Salvaterra de Miño



Ouservando a distribuciòn da poboaciòn e tendo en conta co coste de infraestructura do Plan è de 220.570.000 pesetas, distribuidos da seguinte forma:

— Adeministraciòn Central	61.750.000 pesetas
— Administraciòn Municipal	87.150.000 pesetas
— Aportaciò dos veciños	78.600.000 pesetas

È curiosìsimo que do custo total, o 32 % ou seña 73.490.060 pesetas invirtanse escrusivamente no casco urbàn e os restantes 156.077.000 vanse a invertir nunha zona o rededor chamada «suelo urbanizable programado». Zona ìsta onde as inmobiliarias atoparàn todo tipo de posibilidades pro seu gran negocio: a especulaciòn do chan.

Como ben se mira eiquì, nas parroquias non se invirte ren, e como veremos màis adiante quedan fora de ordenaciòn, pro ìsto non implica que cada veciño seña neno ou abò teña que pagar unhas 1.500 pesetas ò ano perante os oito que ten de vixencia o Plan.

Sí señores, a ìsto chàmolle èu xusticia distributiva, posto que ouservando a distribución da poboaciòn, e as zoas programadas resulta que cada veciño ten que pagar 1.500 Pts/ano pra que traian industrias contamiñantes, nos controlen as augas, no nos deixen facer unha casa, etc., etc., en resumen, pra que nos arruinen, e nos manden coma sempre a emigraciòn.

Tamèn vexo necesario facer unha apreciaciòn sobor da aportaciòn municipal, cartos ìstes que saen mediante impostos, etc. dos bolsillos dos veciños. Si dividimos os 87.150.000 pesetas entre os oito anos de duraciòn do Plan, resulta que cada ano o axuntamento ten que aportar 10.893.750 pesetas. Tendo en conta cc presuposto do Axuntamento ìste ano è de doce millòs, e xa vemos as milloras que nos fan, que faràn dempois cun milliòn de pesetas?.

Ou acaso pensan inventar novos impostos ou aumentas os eisistentes? Tempo ó tempo.

QUÈ PRETENDEN FACER CO CHAN?

No número denanterior xa deixamos craro como incide o Plan nas diferentes categorias. Eiquì simplesmente imos a delimitar estas zoas no que respeta a iste Axuntamento:

«SUELO URBANIZABLE»: Os que o Plan ordene aptos nas seguintes categorìas:

1) «Suelo urbanizable programado», no cal entran os apartados seguintes:

a) Residencial. — No Axuntamento de Salvaterra o Plan no especifica ningunha zoa pra iste fin.

b) Dotacional. — Està previsto unha estensiòn de duas Hectáreas con fin de realizar un edificio de E.X.B., en principio previsto pra oito unidades, situado no cruce entre a carreteira que vai a Ponteareas e a que ven a Salvaterra na parroquia de Leirado.

c) Espacios libres: Duas zoas. — A primeira a ambas màrxenes do rio Tea, dende un pouco enriba da Fillaboa seguindo o curso do rio por Alxen, ePsqueiras, Fornelos e prolongàndose no Axuntamento de Pontareas.

A segunda o largo do rio Caselas dende Cabreira a Porto pasando por Arantei.

d) Industrial. — Por unha banda està o poligono Abarcando pràiticamente dita parroquia, ademais dunha parte de Lira. Asimesmo extèndese tamèn polas parroquias de Celeiros (Ponteareas) e Taboexa (As Neves).

Rodenado a Vila de Salvaterra atopanse tres poligonos dunha estensiòn de 40 a 80 Hectareas cada ùn. O primeiro de forma retanguular està demarcado, por un lado polo rio Tea dende a Ponte de Fillaboa hastra a ponte do tren e polo outro lado pola carreteira Rañada-Caldelas entre as parroquias de Cabreira e Arantei.

Coa agravante de que todolos montes situados eiquì son propiedade particular dos veciños de Cabreira e Arantei.

O segundo poligono atòpase situado na Chan da Ponte con un frente na carreteira Salvaterra-Ponteareas, no Alto do Galo, estendèndose hacia atràs deica o rio Tea. Situado en terreos de propiedade particular e collendo montes comunales.

O terceiro situado en Oleiros a ambos lados da carreteira que vai as Neves, lugar coñecido pola reta de liñares. Situado totalmente en terreos comunales.

2) «SUELO URBANIZABLE NO PROGRAMADO»: Nùcleos rurales. Isto abarca unha franxa de terra situada arredor da Vila de Salvaterra que ten como limites os seguintes: polo Sul, o rio Miño, dende a desembocadura do Tea hastra a quinta de Mon en Oleiros. Deiquì sigue pra riba pola carreteira hastra Fiolledo, corta a esquerda e màis ou menos en liña reta pasa polo Alto do Galo, cruza o Tea chegando a Rañada, de onde baixa seguindo a carreteira hastra a Fillaboa, tomando o curso do Tea e rematando no Miño.

CARRETEIRAS. — O Plan neste Axuntamento non solo non prevè a construcciòn de ningunha carreteira, sinon que tan siqueira fala do milloramento das aituales.

As parroquias como ben se vè quedan fora de ordeaciòn, ou millor dito quedan crasificadas como «Suelo no urbanizable». Agora ben, ísto non implica que istes señores lles otorgasen un ouxetivo, ouxetivo ìste que consiste en: esplotaciòs agrìcolas, pecuarias, forestales e minas. Industrias vencelladas a mineirìa, industrias ailladas, almacèns de productos nocivos, insalubres, tòxicos ou perigrosos.

PORQUÈ NOS OPOÑEMOS O PLAN

Porque: Require unha gran inversiòn de diñeiro (màis de 1.600 millòs de pesetas) das cales o 60 % van a pagalas os veciños, pra que nos tràian unhas cantas industrias contamiñantes que non van a crear postos de traballo pro si a destruìlos, cando o que fai falla son boas carreteiras, escolas pra todolos nenos, asistencia sanitaria pra todo o pobo, auga, luz, e alcantarillando pras vilas bairros e parroquas, axuda a agricultura e gandeirìa; creaciòn de industrias transformadoras dos productos derivados da agricultura e gandeirìa, carnes, leite, conservas vexetales, etc., industrias ìstas que ademàis de crear postos de traballo aumentarìan parellamente as rentas dos labregos.

Porque: desfai os bairros e as parroquias acabando coa vida comunitaria.

Pasa a la páxina 6

As Eleciones Municipales

Nos consideramos que as eleciòns municipales que estan a volta da esquina, teñen unha importancia fundamental pra todolos venciños.

As eleciòns son pra poñer ao frente do Axuntamento unha corporación municipal que ten como misión gobernar. Pero hai moitas formas de gobernar. Gobernar en favor dos ricos ou gobernar defendendo os intereses da maioría dos veciños. Gobernar en favor dos ricos é un goberno de dereitas. Gobernar defendendo os intereses da maioría dos veciños é un goberno democrático de esquerdas.

Os ricos teñen moitas cousas ao seu favor; teñen os cartos, teñen aos caciques ao seu servicio, dominan as institucións. Os demais somos maioría, pero corremos o risco de perder frente os ricos. Pra facerlles frente, nonos queda mais que unha alternativa: organizarnos, organizarnos é organizarnos. Cómo? orpanizarnos en cada paroquia, en cada barrio, falando uns cos outros, cambiando impresiós, analizando as nosas necesidades en todolos eidos: no ensino, na sanidade, no urbanismo, na vivenda, no económico. Organizarnos pra conquistar aquelo a que aspiramos pra mellorar a nosa vida, a dos nosos fillos, a dos nosos vellos, e a dos que veñan despois de nos.

Unha vez organizados, pasar a constituir Concellos Parroquiales pra ter forza e facer valer os nosos dereitos.

Si nos organizamos ben, (é non é tan difícil) enton teremos posibilidades de propoñer pra concellales do Axuntamento a veciños honrados e da nosa confianza, personas que defendan verdadeiramente os nosos intereses.

Pero pra ser mais eficaces, deberemos coordinarnos unhas parroquias coas outras, constituindo unha coordinadora dos Concellos Parroquiales. Deste xeito, poderemos poñer no Axuntamento unha Corporación axeitada as nosas necesidades e que verdadeiramente nos represente pra defensa dos nosos intereses.

Si nono facemos asi, é decir, si nonos organizamos e unimos, entón van gañar os caciques, os que fan un feixe de promesas e logo non cumplen ningunha, os dicen que saben como resolvelo todo, cando o único que saben e como engordar eles a conta dos demais.

Ter o poder e moi importante, porque moitas cousas da nosa vida dependen do Axuntamento. O Axuntamento e quen nos cobra moitos impostos, é que nos da as licencias pra contruir as nosas casas, e quen aproba ou non a instalación de certas industrias, e quen acapara a riqueza forestal, etc. Si nos podemos ter o Axuntamento nas nosas mans, podemos invertir os cartos alí donde mais nos beneficie a todos, podemos construir as nosas casas alí donde nos pareza mais axeitado. Podemos explotar a riqueza dos montes comunales de forma que nos beneficie a todos, e non a uns poucos como hasta agora, podemos ter mellores camiños, mellor ensino, unha sanidade que agora non temos, en fin, podemos impedir a instalación de industrias que sin crear postos de traballo, estraganos a agricultura o non crean ningunha riqueza pra nos, como é o caso das celulosas.

Escomencemos desde agora a falar entre nos, a organizarnos, a estudar os nosos problemas e as nosas necesidades, e vaiamos votandolle o ollo a aquels veciños ou veciñas da nosa confianza pra votalos nas prousimas elecións municipales e arrincarlle o Axuntamento das mans dos caciques.

ALTERNATIVAS SANITARIAS NO CONDADO

No primeiro número diste voceiro escomenzamos dando unha visión xeral a situación sanitaria basandonos na difinición de Saúde que penso todo o mundo debe de saber.

SAUDE E O BENESTAR FISICO, MENTAL E SOCIO-POLITICO DUNHA PERSOA

As alternativas pra solucionar os problemas sanitarios e sociales en xeral do Condado e do resto da Nazon Galega temos que dalas todos. Pra iso ai que orgaizar comisions parroquiaes que elabouren as necesidades de cada lugar, necesidades de comunicacions, carencia de postos de traballo, explotación racional dos recursos naturales etc.

Como hastra agora non esisten estas comisions parroquiaes, dende o voceiro vamos dar unha serie de alternativas a unha necesidade inminentes pra millora da Sanidade no Condado.

As comunicacions entre lugares e parroquias e vilas ten que ser boa, non soio camiños e carreteiras sinon telefono, servicios pubricos etc. As comunicacions deben de reunir as seguintes condicions: Seguridade, Rapidez, Menor destrucion posible das riquezas agricolas e Gastò racional.

Tendo unha comunicación axeitada temos que ter ambulancias equidistantes de parroquias, médicos e hospitales.

Nos dende eiqui esiximos xa, Ambulatorios en todalas Vilas do Condado, pero non os Ambulatorios actuais onde o unico que se íai e masificar os doentes sin darlles en moitos dos casos unha solucion o seu problema facendos andar de eiqui pra eili.

Os Ambulatorios que exisimos deben de ter como minimo: Consultas de Meiciña Interna, Pediatria, Obstetricia, Ciruxia meñor (abcesos, uñas encarceradas, feridas etc.), Rayos X e Analisis Clinicos minimos, Camas pra Cronicos descompensados (diabeticos, asmaticos etc.) Observacions e diagnosticos.

As camas teran de ser como minimo na proporcion da O. M. S. 10 camas ×10.000 habitantes.

É como e loxico todo o persoal de mantenimento, archivo, administracion.

Tendo os ambulatorios nas vilas necesitase un hospital comarcal equidistante de todas elas.

Iste Hospital Comarcal atenderia: Partos, Apendictomias, Hernias, Agudos medicos e quirurxicos, Infeciosos, Amigdalactomias, e unha pequena Unidade de Cuidados Intensivos.

No prousimo numero falaremos da meciña preventiva, medicos de cabeceira, educacion sanitaria na escola, e nas empresas. A partire do prousimo numero daremos unhas lecions preformacion-primaria sanitaria de cara a organizar cursos de persoas que lle interese.

CARRILLO e FRAGA usam a mesma braga

Fai uns dias Fraga presentou a Carrillo no club XXI pra que dera unha conferencia, o centro donde se celebrou dita entroidada, e nin mais nin menos que unha cobacha de feixistas. A cousa ten a sua gracia, cando legalizaron o PC. despois de despoxar a Carrillo da peluca, Fraga alporizouse todo, e dixo que o ganar as eleucións fario fuxir hastra donde estuvera os corenta anos, visto que non aconteceu asi, o Sr. Fraga cambiou unha vez mais de chaqueta pra facer loubanzas de Carrillo no intre da sua presentación. Con razon os anarcas coreaban os mitens de Fraga «Fraga e Carrillo o mesmo calzoncillo», pois ben, este par, medio defradou os seus correlixionarios. Carrillo demonstrou que non se immuta diganlle o que lle digan, e Fraga que non e tan fero como daba a entender cando sacaba a chaqueta e a xente pensaba que era pra andar a labazadas con quen se apresentara, pro non, era a praticarse pra cambiala as veces que fixera falta. Teño por certo, que estas arroutadas do Sr. Presidente de Alianza Popular non lle deben cair nada ben os alcaldes caciques do Condado, aquela media ducia que io esperou unha mañan que chegou a Pontareas pra decir unanas cantas mentiras na Sala Nuevo Mundo del Tea, aquilo foi un verdadeiro fracaso pro cacique Castro que non foi capaz de xuntar mais de tres ducias de escoitantes incruindo os do servicio de orden composto por uns iñorantes armados de cadeas e capitaneados por un conocido proxeneta de Vigo que vive exclusivamente a conta dunhas infelices que explota despiadadamente facendoselle pasar por home ben relacionado con altos cargos do goberno como aquel mesmo dia demostrou ter gran amista con Puig Gaite.

Tudo isto, por tan certo da a entender que cras de homes nos estan a dirixir, e que agora dicen que van facer moito polos seus compatriotas cando todos sabemos que levan moitos anos asoballandonos e vendendonos a Patria. Fraga igual que Franco, non lle importa nada ninguen, o unico que lle preocupa e chegar o posto do falecido ditador, pra iso fai o que sea.

Istes politicos tan faltos de dignidade, non son merecedores nin de usar esa prenda de home que decian os anarcas, pra eles ben lle van unhas bragas de colorins. Polo tanto douche un consello pras municipales.

Fraga foi un ministro
moi listo.
Un embaixador
moi falador.
Voltou a ser ministro
e por isto,
pensou ser o peor,
dictador e inquisidor.
Polo visto,
Carrillo en peluca
montoulle un kristo.
E gritou, Dolores ven agora
que teis acolloado
a Fernandez de la Mora.
Pois si eles son dous
nos facemos un par,
io Pecé queda porriba
de Alianza Popular.
De Alianza Popular
dixeronme que era,
os caciques Castro e Soto
io alcalde de Salceda,
Jorgito de Arbo
e Antonio Puig Gaite
patrón de Pontevedra.
Por Alianza Popular
disque a Pasionaria dixera,
«a este hatajo de caciques
me los paso por la piedra».
Que isto acontecera
ninguen o pensou antes,
sacar a chaqueta o Fraga
pra enseñarmos os tirantes.
E polo tanto e polo que,
non te metas no Pecé.
Nin queiras saber de Fraga
nin de nada do franquismo,
que che traen a praga
do irrascible fascismo.
Mira ben que Felipito,
e un mito moi bonito!
co bruido do Pesoe nin te oie!
Coidadiño con ucedé,
que está lonxe, e non te ve!
Paso largo e moita vista,
e metete xa na lista
de galego nacionalista.
Pras municipales
teis que pensar,
en candidaturas
de UNIDADE POPULAR
(CUP).

Xoan do Candado

OS NOSOS CORRESPONSALES INFORMAN VIGO

O Alcalde de Vigo Sr. Garcia Picher fixerono dimitir, o pobo estaba canso de aguantas as suas trasnadas e nunha reunión do Pleno Municipal un bo numero de asistentes berrou contra a venta que estaba facendo o axuntamento das propiedades do pobo. Parece ser que a mesma inmoviliara trataba de mercar un solar nunha rua donde mercara xa outros que lle saira un negocio redondo, polo que se opuxeron e a estafa os cidadanos vigueses non se levou a cabo. Picher poido evitar a entrada do espantallo que l'e chaman escalestrix polo centro de Vigo desembocando frente o «Corte Ingles» no no fixo e o pobo non lle perdona, moito menos aqueles que no seu dia se manifestaron en contra e recibiron paus dabondo das forzas da Policia Armada.

Os gritos de Picher fascista/traballa na autopista. Picher dimite/o pobo non te admite:. Picher acaba de apresentar a sua dimisón. No rural, a falta de solares e escalextris os alcaldes venderon os montes comunales. Cando as barbas de Picher vedes pelar/ide pondo as vosas a remollar.

PONTEVEDRA CAPITAL

Remorease por esta capital, que prousimamente farase unha manifestación pedindo a dimisión dos seus cargos, dos señores Puig Gaite vicepresidente da Diputación Provincial, cargo que voltou a el despois do fracaso en Alianza Popular. Puig Gaite mais franquista ca Franco, traios de corbata dende que lle degolaron os seus cans de raza de lobo na sua mansión de Mourente.

O outro que tera que dimitir e o Sr. Crespo Alfaya que pasou da Delegación de Información e Turismo o de Cultura e Benestar. Iste conocido cacique que xuntamente con Puig Gaite manexaron toda a provincia o seu antoxo e comenencia xa non debera estar ahí, pois de Culutura non saben, de Benestar o longo de moitos anos soio se preocupou do seu colaborando en estafar o pobo. En Pontevedra ainda quedan mais que lle tocara outro dia, hoxe coidamos que estes dous son os peores e que mais urxe descolgar do teito do caciquismo.

INFORMACION PARROQUIAL

UMA E VILACOBA

Chega a nós a queixa dos veciños de Uma e Vilacoba, porque sin mais nin mais quitaronlle o transporte público a Salvaterra. O autobús de Raul que facia iste servicio agora soio cheg aa Corzans. A ver Sr. Alcalde de Salvaterra que istas parroquias tamen perteñecen ao axuntamento, e pra comunicarse coa Vila non teñen porque pagar un taxi maxime cando teñen direito a un transporte como deus manda.

TABOEXA

Os veciños de Taboexa pasannos a seguinte nota:

«Xa fai tres anos pagamos todos os veciños unha cuota pra que se nos instalase o telefono na parroquia, ainda e hoxe o dia que non temos nin noticias do debandito medio de comunicación que nos é tan necesario.

A ver Sr. Alcalde das Neves que se fixo cos nosos cartos, porque xa vai chegando a hora de rendir contas.

— Veciños a facer unha comision e a reclamar o telefono que xa tiña que estar en servicio.

CELEIROS

Os veciños de Celeiros ainda andan a trompadas polos camiños de noite, porque non teñen alumbrado púbrico, a pesares de pagar 1.000 pts. cada un. Parece ser que de momento non teñen nin idea de poñerllo, pro pa recoller os cartos andiveron fiños. A ver Sr. Castro que non seña o caso de que cos nosos cartos esteñanse a facer cousas particulares suas.

SALVATERRA

As beiras do rio Miño està prohibido cazar, pro parece que a «Guardia Civil» usa istes terreos como coto particular, pra lles e pros seus amigos (Teniente da Guardia Civil, cura de Moreira, etc.), e si isto fose pouco, ainda se colocan cepos e lazos pra coller coellos.

Dende istas liñas queremos dar un toque de atenciòn a quèn lle competa pra que nos terreos de pobo ou cace todo o mundo o non cace ninguèn.

O Praiticante de Salvaterra è Mestre nas Neves

Os veciños de Salvaterra quèixanse e non conciben como dùas profesiòs tan dispares e que necesitan unha dedicaciòn escrusiva poden ser compatibles.

O praiticante de Salvaterra dende fai moitos anos è o «Furruxo», coñecido polas sùas dedicaciòs de comerciante e Mestre nas Neves pro non pola sùa pràitica na profesiòn de A.T.S. de Salvaterra.

Os venciños denunciaron en moitas ocasiòs iste problema, pois pra poñer tratamentos nas doenzas tiñan que chamar a un aficionado, que lles cobraba como è lòxico, cando tiñan o praiticante oficial pagado.

As denuncias nunca foron adiante pois iste señor ten moi boas anistades na capital caciquil de Pontevedra.

Os venciños denunciamos dende iste voceiro a faila de asistencia a sùa profesiòn de pràiticante amosando unha vez màis a nuula dedicaciòn a falla de humanidade e profesionalidade diste señor e dos que deian manter ista situaciòn.

NOTA DA REDACCION.

— Pra interès de todolos asegurados da seguridade social, tanto agraria como laboral, lle recomendamos que non lles paguen nin consultas nin desplazamentos a domicilio a Mèdicos e pràiticantes-A.T.S., pois non teñen ningùn dereito a cobralos e ademàis os invitamos a que denuncien estas anomalìas.

FORNELOS

A semàn pasada, Marisa Gonzàlez, do Cabouco, foi a Agrupaciòn Escolar de Salvaterra, pra percurar os libros do 2.º Curso de E.X.B. pra unha nena. A contestaciòn dos profesores foi: «Ten que ir canto antes a Vigo a libreirìa «Quijote», que eiquì no nos hai».

Señores, tres ou catro libreirìas en Pontearcas, libreirìas en Salvaterra, e pra mercar os libros dunha nena de E.X.B. hai que ir a Vigo?. E como si eles non tiveran ò seu alcance un te'èfono pra mandarllo vir e psarlle a conta dempois òs pais. Por favor, haber si nos enteramos dunha vez co Maxisterio non è soio sentarse nunha aula a dar crase.

SOUTELO

O sàbado dìa 12 de Santos, reunironse pra facer unha Asociaciòn os veciños de Soutelo. Ista Asociaciòn terìa como fin tratar de solucionar os problemas que vive a parroquia i eisixir do Axuntamento unha atenciòn que hastra agora lles leva negado.

Haber si cunde o exemplo i en cada parroquia se crea unha Asociaciòn de Veciños, que hoxe por hoxe è unha boa arma de que dispòn o pobo pra enfrentarse a Adeministraciòn.

SALCEDA

Na escola da Paxariña, (Feira), escomenzaron a funcionar as clases de «preescolar» despois de ter unha reunión cos pais dos alumnos. Tal reunión foi convocada por Manuel Troncoso, aliado do caciquismo, cuia intención era ocupar o local da escola, que e veciñal, pra que os do gruno de teatro «Ameixoa» non poideran ensaiar nin reunirse.

Pero o vergoñento do asunto e que dita preescolar é privada, por tanto os pais teñen que pagar 600 ptas. por cada alumno. Polo cal sólo poderán ir os que dispoñan dises cartos.

O noso deber e denunciar ista falsa preescolar e esixirlle o Ministerio de Educación y Ciencia unha preescolar gratuita pra tudo o pobo coma está previsto no programa de educación.

PICOÑA

Nista parroquia eisiste unha carreteira con uns 4 Kms. sin asfaltar, polo tanto o autobús escolar non pode recorrer iste traiecto, perxudicando os rapaces da escola, que teñen que facer diariamente 16 Kms. (oito pol-a mañán e oito pol-a tarde) debido a que no Grupo Escolar non hai comedores e teñen que ir comer a casa.

Xa é hora de que os veciños da Picoña se xunten pra discutir iste problema que lles afecta e darlle unha solución urxente.

RUBIOS

O noso crego intenta apropiarse indebidamente dos fondos que tiña a comision de festas de N.ª S.ª do Libramento, os veciños queren que eses cartos sean invertidos na parroqui posto que non hai bancos na Igresa e outras moitas cousas que fan falla. Este crego, bastante mouco por certo non da explicacions a ninguen, fai e desfai como lle parece, nun tempo desapareceu o Altar Maior desta parroquia e hai quen diga que llo vendeu a un anticuario. Dende a VOZ DO CONDADO pregamoslle o noso crego que vaia soltando os miles de pesos que ten el e son do pobo. Non sea o caso!

LEIRADO

Os veciños do barrio da Lombeira piden o valdio que o Axuntamento de Salvaterra vendeu o *Alcalde Pedañeo de Leirado,* iste terreo era un despexo pra vecindade e un lugar donde podian xogar os rapaces, agora está pechado e pertenece a un señor que io mercou por catro cade'as, unha cacicada mais que habrá que descacicar.

Os mais vellos da comarca non recordan outro ano de peste coma éste, sobor de todo pro viño, e a colleita de millo tamén foi mais cativa ca outros anos, e por todo isto

Qué fixeron ás Corporaciós municipales dos oito axuntamentos do Condado?, outras bisbarras de Galicia en semellantes condicións, forón declaradas zonas catastróficas, eiquí non se fixo nada, así pois unha vez mais istas corporacións demostraronnos ben ás claras a qué tipo de intereses están servindo.

XINZO

Fai agora un ano, o alcalde prometeranos, con moi boas palabras nunha asamblea parroquial, os veciños de Parada que antes do mes de abril do presente ano estaría asfaltada a pista que vai dende a carretera xeral, cousa que non fixo, según dixo él os cartos do presuposto da obra xa estaban no axuntamento, polo que a cousa parecía ben doada de facer, pois os veciños xa lle deramos o ancho necesario a pista pra que fose asfaltada. Os veciños temos que esixir o asfaltado desta pista. Si a pista estivese asfaltada o autobús dos rapaces da escola poderí subir a buscalos e non correrían o risco dun accidente na carreteira xeral, nin se mollarían a chuvia, xa que algúns teñen que andar mais duun Km. a pé, e terían mais tempo pra comer o mediodía.

BUGARIN

Os veciños de Bugarín queremos quitar a lus algúns problemas dos que pasan na nosa parroquia, traida de auga pra toda a parroquia, a pista de Quintela a Chan, os camiños e o Transporte escolar; como protagonista de todo o que vamos a decir temos que mencionar a Aristedes «O Ricachón», moi ben relacionado con Castro, el é o pedaño e sin o seu consentimento non se pode mover unha palleira na parroquia. E un auténtico cacique parroquial. A traida de augas, leva paralizada 4 meses, cando é necesaria pra casi toda a parroquia, pois moitos veciños temos a fonte a mais dun Km., cando ibamos a traballar pra traida, habia que contar co permiso del pra facelo, e sóio poderían ir os que él ordenase, e agora que está caseque terminada colleu él e cortou a cañería pra que todolos veciños non tiveran auga, pois éste tipo está vem servido cunha traida que ten pra él soio, ésta auga que él ten rouboulla primeiro a uns cantos regadores e dispois aspoveitando a zanga aberta pra traida da parroquia puso unha cañería pr del, sin pagar nin un céntimo, aproveitandose polo tanto do traballo que fixeramos todos.

Coa pista pasa algo parecido, pois está tratando de facelas cousas o seu antoxo, coacionando e amenazaddo oa propiatarios que teñen que dar terreo pra pista, porque parece ser que él non ten interés en darlle salida a pista por dónde necesita a parroquia, xa que según rumores quere levala hasta o monte comunal pra favorecer ás suas propiedades cándo él non quere dar nin un cm. das suas terras pra nada. Por outra parte iste asoballador consinte que familiares seus tiren escombros os camiños, facendoos intransitables.

Sobre o transporte escolar, estamos a sober porqué os outobuses non suben a buscalos rapaces hasta Chan, pois hasta alí a pista está ben, mentras que os rapaces teñen que andar a pé e no inverno coa chuvia mais dun Km., non lle dando tempo nin a comer.

Por qué iste elemento «O ricachóón», cómo pedaño que é non fai nada pra que suba o autobús a recollelos rapaces.

Nós, un grupo de veciños de Bugarín, diante de todo isto pensamos que toda a parroquia debe darse conta do que este home está facendo. Temos que organizarnos todos xuntos pro botalo abaixo i elexir unha xunta de venciños democrática e representativa entre as persoas honradas da parroquuia, xa que como miramos en todo o que fai pretende utilizar a toda a parroquia pro seu beneficio.

Actividades Culturais na Bisbarra

Chega a nosa redaición a seguinte nota:

«A Sociedade Cultural e Desportiva Condado ten programado a posta en práitica do II MES CULTURAL o cal levarase a efeito perante os mes de Nadal.

Co fin de ca cultura non se polarice soio nas vilas i en zoas xa de sempre privilexiadas, ou polas súas caraiterísticas màis pretas de manifestaciós diste tipo, a maioría dos aitos levaranse a efeito nas parroquias.

Ofrécese un avance do programa:

Grupos de Teatro: Auriense, de Ourense; Ameixoa de Salceda de Caselas; Escoitade de Valladares; Teleclub de Cristiñade.

Ventrilocuo e prestidixitador: Antón López.

Cantantes: Suso Vaamonde, Antón Casal e Verbas Xeitosas.

Coral Infantil da Agrupación Escolar Nosa Sra. dos Remedios de Ponteareas.

Os gaiteiros de Melide.

Conferencias. — Sobor da emigración: Antón Alonso Fontán, escritor; Manoel Pousada Covelo, economista; e Fernando Pereira, libreiro i emigrante.

Mea Informativa sobor da Sanidade: Dr. Ruiz Ximenez, Antón Bértolo Losada, Farmacéutico.

Ciclo de cine: O acorzado Potemkin; Vida de León Felipe; uns cortos de Charlot e unha pelicula infantil.

O programa ainda está por completar, e no próusimo número se da tempo, ofrecerase unha información máis complexa.»

Tamén pola Asociación Xuvenil de Ponteareas terá, no mes de Nadal un concurso de dibuxo infantil. Desexamoslle éisito.

NOTA DA REDAICION. — Chega a nosa redaición a noticia de que algús dos locales que solicitou a S.C.D. Condado, foronlle negados pró mes Cultural.

O parecer ainda eisisten nas parroquias pequnos esbirros do caciquismo, que pensan cos teleclubs e salons parroquiales solo sirven pra falar de futbol, xogar as cartas, emborracharse ou de ano en ano facer un baille.

O noso máis cumprido sentimento pra isas parroquias.

O Ensino no Medio Rural

NON FAI MOITOS ANOS..

Cos zocos cheos de auga, a carteira ó lombo, un anaco de pan de millo no bolso e as pernas mouras polo frio, é a lembranza que ainda perdura en calqueira dos que en tempos nonmoi lonxanos asistía a tortura diaria que era a escola.

Alí, o mestre, xeneral dun exercito sin armas, a toque de pau, regra ou cana india, facía certo aquílo de ca «letra con sangue entra». Revisión de uñas, orellas, pernas, o mestre decía que había que sere «pulcro». Solo se salvaban dous ou tres, os fillos do mestre, do médico ou os «sobriños» do cura, o resto cobraba sempre; craro, éles non tiñan que andar co esterco, nin coas vacas nin tampouco á herba. Era a discriminación pirmeira, a máis crúa a máis desgarrada; eran o neno de Don...» ou o «neno do Xan», no eran non, dous nenos igoales. Un descanso na tortura, o recreo. Soltos, coma potros salvaxes, enliados en pelexeiras ou a pedradas, soltábase todo o resentimento, todo o resquemor que o noso subconscente aniñaba. Na volta pra dentro voltaba a represión.

O mestre, membro dunha crase profesional duramente reprimida na posguerra, facía dogma de fe todo aquilo que lle ordenaban de Madrí. El era tamén un reprimido; mal pago, desprestixiado na súa profesión, despoxado da cúa capacidade de tomar iniciativas, convertironno naquel meirande cuartel que era Galicia, nun soldado máis que cumplía e facía cumplir as ordenes que recibía de «arriba».

E a lingoa? Cando un neno non sabía decir unha palabra en castelán era tachado de burro, zopenco, animal, a todolos apelativos que servían máis que nada pra se reir díl o resto dos compañeiros. Enseñábase ós nenos a reirse de sí mesmos. E os nenos adeprenderon a falar en castelán, pro... seguían pensando en galego. E sairon da escola e sisiguen a falar en galego. A imposición da língoa, solo conqueriu traumatizar ós nenos; que ainda que conocera un tema, preferira levar paus antes que quedare en ridículo por non saber pronunciar unhas verbas que íl descoñecía ou coñecía mal.

A pesares de que as condicións eran nefastas, algo sí era positivo, a escola era familiar, porque todolos nenos se coñecían todos sabían quén eran os outros, y eísi todos íles formaban un conxunto con persoalidade propia.

As aspiracións dos pais era cos fillos adeprendesen as catro regras, ler un pouco i escribir outro pouco. Isto que aparentemente é unha falla de responsabilidade dos pais pra cos seus fillos, non deixa de ser unha filosofía con toda a lóxica, posto que pra labrar, pra andar coas vacas, etc., non lle fai falla nada máis, xa cas universidades, as becas, etc. son prós ricos, pros que teñen diñeiro. Pra un réximen que basou a súa política na prteución dos ricos pro emprobecemento dos probes, o non ter diñeiro implicaba non ter deretios, e por tanto non poder acceder a unha carreira universitaria. Polo tanto ter cultura é igoal a ter diñeiro. Diña filosofía pra corenta anos de hestoria.

HOXE...

Pois ben, o tempo foi pasando, algunha destas caraiterísticas foronse limando (fixeronse escolas novas, cambiou a mentalidade dos mestres dentro do que cabe, etc.), pro outras segguen en pe con toda a súa potencial brutalidade pros nenos do rural.

CHEGAN AS CONCENTRACIOS. — Entón de novo, dende Madrí, como non, uns señores co úneco que saben de Galicia é que ten bon marisco, intentam cambiar a fisonomía do ensino no medio rural. E pra ílo, sen ter enconta nada, coma si Galicia tivera as mesmas caráiterísticas que Castela, fanse unhas concentraciòs escolares nas cabeceiras dos municipios. Istos señores, descoñecen evidentemente, cas cabeceiras dos concellos non están percisamente no seu centro xeográfico, cas vías de comunicación da zona urbán ca rural son intransitabeles pro tráfico rodao na súa meirande parte, ca poboación galega vive nun contexto habitacional diseminado, ainda no núcleo mais primario: o barrio ou lugar, que é un máais moi chuvioso, etc. etc..

Tal e com foron pensadas, as Agrupaciós escolares, crean de por sí soias unha problemática complexa, que non pode ser solucionada pola endeble economía dos concellos.

Dende o punto de vista pedagóxico, créase unha diferenciación entre os alumnos: o alumno urbán, ou da villa, que accede a E.X.B. cunha preparación preescolar, e o alumno do rural que chega sin ningunha iniciación no studio. Isto obriga a que nas concentraciós a se diferencien dende un escomenzo os alumnos da Vila cos das aldeas, crean nestes desrradeiros un complexo de inferioridade que máis tarde será moi dificil de desarraigar. O estudo ten que se prantexar dende un escomenzo a igoaldade de oportunidades, non destruila.

Outro problema é o hacinamento; é decir, nestas concentraciós non se tiveron en conta os índices de crecimento da poboación escolar, i é por tanto, moi frecuente, que unha agrupación escolar pensada pra 600 alumnos, sexa utilizada por 800 ou 900, tendose que habilitar pra aulas, habitación que nun escomenzo foron feitas pra outro destiño, como por exemplo ximnasios, salas de proieuciós, e incruso comedores e bibliotecas. O no haber previsto iste crecimento, o transporte escolar, xa deficiente de por sí, vese conxestionado de tal xeito, que non e rao ver un autobús de 40 plazas con 60 ou 70 nenos dentro. Si a isto lle xunguimos a falla de condiciós dos autobuses, teremos que non é raro que haxa acidentes coma a da Rua (Ourense), onde moreron 13 nenos e houbo moitos feridos.

Dende o punto de vista do rural, coa suas caraiteristicas e a súa conformación sociolóxica, non parece acertado o trasladar un neno feito a un ambente familar e reducido com é a paroquia e introducilo brutalmente nunha Agrupación con mais nenos que habitantes ten o seu lugar, totalmente impersoal e onde deixa de ser quèn è pra convertirse nun nùmaro màis.

Istes Agrupaciòns serían válidas nunha segunda etapa de E.X.B., a onde o neno chega xa cunha conformaciòn educacional e xa està càseque feito prò ensino masificado.

CAL SERIA A NOSA ALTERNATIVA?

Na nosa opiniòn, a soluciòn disto iria sempre de abaixo pra riba e non de riba pra baixo como hastra agora.

Pra iso escomenzariamos na parroquia e rematariamos na bisbarra do seguinte xeito:

a) Ensino de PREESCOLAR nas parroquias, aproveitando as escolas que quedan valeiras e sin uso.

b) ENSINO HASTRA A PRIMEIRA ETAPA DE E.X.B. en Agrupaciòs escolares de non màis de oito unidades, e ubicadas no centro xeogràfico das parroquias as que lle afecta.

c) Ensino pra SECUNDA ETAPA DE E.X.B. nas agrupaciòs escolares xa eisistentes nos Axuntamentos.

d) Instituto de Ensino Meio, Escola de Formaciún Profesional, etc., no centro xeogràfico da bisbarra.

Caso de agresion de un medico a un asegurado en Ponteareas

Dempois da mala atencion que se recibe dos medicos na maioria dos casos o remate foi a agresion a un asegurado.

O dia 18 de Novembro as 4 ½ do seran, cando o asegurado Edelmiro Gradin, veciño de San Lorenzo de Oliveira, parroquia de Ponteareas, foi a buscar o seu medico de cabeceira, Dr. Rivas, pra que lle fora ver a sua muuller que estaba doente, o citado medico dixolle que non iba porque era a hora de dormir a sesta; o asegurado pediulle polo menos un volante pra ir a Vigo o cal lle negou tamben, enton o asegurado contestoulle que era un mal medico e pouco humanitario. A resposta do medicucho Rivas foi empurralo polas escaleiras da sua casa, produciulle por sorte pra ó asegurado, traumatismo en rodilla esquerda, sendo atendido na Residencia Almirante Vierna de Vigo onde se efectuou a conseguinte denuncia que esperamos vaia pra diante.

Alguns medicos aparte de cobrar os desplamentos a domicilio, que esta prohibido, cobran nas consultas os vinte pesiños, sinon poñen mala cara, ainda por riba lle pegan a os asegurados, todos estes casos deben ser denunciados sin medo ningun. Os medicos e practicantes non poden cobrar nadaa a un asegurado, e os desplazamentos tampouco. Po lo que pedimos os asegurados firmeza ante istos abusos.

PLAN DE ORDENACION DO CONDADO

QUÈN SON ELES

A. Puig Gaite: Presidente de A.P. en Ponteverra e Vice-Presidente da Diputaciòn Provincial.
Josè Castro: Presidente da Mancomunidade do Condado e Alcalde de Ponteareas.
Josè-M. Fernandez: Alcalde de Salceda.
Antonio Soto Campos: Alcalde das Neves.
Jorge Freijanes: Alcalde de Arbo.
Fernando Garcìa Agudìn: Presidente do P.P.G., membro do Consello de Administraciòn de Sigalsa.
Josè-Luis Pelàez Casalderrey: Presidente da Diputaciòn de Pontevedra e Presidente da Caixa de Aforros de Pontevedra.
J.L. Meilàn Gil: Diputado de U.C.D. pola Coruña e membro do Consello de Administraciòn de Sigalsa.
Joaquìn Garrigues Walker: Ministro de Obras Pùblicas e Urbanismo-Copropietario de Liga Financieira.
David Pèrez Puga: Senador por Pontevedra e Presidente de Sodiga.
Correo Gallego, El Pope, Diario de Pontevedra: diarios e revistas que fan propaganda en favor do Plan.
SIGALSA, SODIGA, ALUMINA-ALUMINIO, CELULOSAS DE PONTEVEDRA, TERMICA DAS PONTES E DE MEIRAMA, NUCLEAR DE XOVE;
e PROULLASA, empresas multinacionales e estatales que nos van a arruinar.
CAIXAS DE AFORROS E BANCOS, que empregaràn os cartos do aforro galego pra arruinalo pobo.
BANCO MUNDIAL, o seu Presidente Robert Mcnamara que nega cretos pra axuda da agricultura e gandeiria de Galicia, pro encambio daos pra implantaciòn de industrias contamiñantes.
E un largo etc. pro que nonos cabrìa no papel.

QUÈN SOMOS NOS

Labregos, que nos van roubar as terras, augas, etc. con un texto «legal» na man.

Ganderos, que nos deixan sin pastos pro gando, coas bestiales repoboaciòs de eucaliptos que se fixeron e estanse a facer.

Pequenos e medios industriales, empresarios e comerciantes, que non podemos manter as nosas industrias pola polìtica de apoiar e beneficiar as grandes, a costa das nosas. Tendo pechados axudas e cretos.

Emigrantes, que tivemos que fuxir da nosa terra e agora os nosos aforros os empregan os bancos e as caixas de aforros pra roubar òs nosos veciños e irmàns.

Tècnicos e profesionales, que temos que pra gañar a vida poñernos o servicio das grandes empresas na contra do noso pobo e de nòs mesmos.

Periodistas, que vemos como as aparentes libertades informativas sirven pra que os propietarios dos medios de informaciòn onde traballamos favorezan campañas desinformativas, tendentes a favorecer a imaxen de aqueles que rouban o pobo, desprestixiando e facendo antipopular a nosa profsiòn.

E un longo etcetera de xente, coma estudantes, empregadas do fogar, obreiros, amas de casa...

Noticia de Fornelos

O que fora Casa do Pobo, hoxe soio solar e as paredes que non arderon cando o incendio producido polos falangistas, esta posto a venta por José Ojea de Arxen, iste cacique prohome da mal chamada «HERMANDAD DE LABRADORES Y GANADEROS» non ten nada que pintar ahí. A propiedade é do Pobo de Fornelos e queremos que se nos entregue, millor dito botaremos man dela pra poseer o que e noso non temos que pedir permiso a caciques. José Ojea do que lle falaremos noutro intre, ten sido un abusador de uns e o faime rir de outros.

FORNELOS. A CASA QUEIMADA

Corria o mes de Agosto daquel nefasto ano de 1.936, o ditador Franco xa dera o golpe que viñan tramando el e mais os feixistas do Estado. Os veciños de Fornelos atendian os seus traballos no medio da incertidume daqueles intres. Na parroquia fora levantada a Casa do Pobo cua aportación total dos fillos de Fornelos residentes na Arxentina que escomenzaran antes por mercar o solar. A tal Casa do Pobo facia moita falla e os emigrados donaranlla os seus irmans que quedaran na terra nai. Fornelos, parroquia deleitosa e ricai nas orelas do rio Tea, que por iso lle chaman da Ribeira, tiña un gran censo de gando e na Casa do Pobo tiñan o seguro que lle cubria o risco do que lle poidera pasar, tamen funcionaba unha coperativa que escomenzaba a dar moi bos resultados, os veciños de Fornelos estaban felices cua sua Casa de todos, moitas nais que despediran os seus fillos coma quen lle arrincaba un anaco do corazón, miraban agarimosas pro predio feito a custa daqueles seres que tiñan tan lonxe na distancia e tan preto na lembranza. Toda aquela fundación feita con verdadeiro amor pra un servicio tan cabal como é atender as necesidades do agro, seria desfeita por uns asesinos da humanidade e da Natureza.

Era pola tarde, tarde calurosa de Agosto, pola reta de Fornelos subia unha furgoneta cargada de falangistas armados apuntando a todalas direucions, ali baiaron é puxeron os veciños que alcontraron «mans en alto e cantando o «cara al sol», seguidamente ceibaron unhas latas de gasolina na Casa do Pobo e prenderonlle lume, ali ardeu tudo, tamen ardeu o sacrificio e o amor dos homes traballadores e seguiu ardendo, pois ainda hoxe os que viven conservan un facho aceso de noxo pra aqueles mequetrefes que viñeron de Arantei e Salceda por mandado duns caciques de parroquia chamados «OS TRES MANUELIÑOS», pois eles e alguns caciques mais da mesma calaña, xa saquearan a Casa do Pobo» e levaran o libro de socios pra entregarlle os seus xerifaltes de Pontevedra, por aquel libro serian detidos, maltratados, e alguns encarcelados. O mapa de ieso que habia no salón da Casa do Pobo, tamen donado polos que donaran a casa, pasados uns anos apareceria na casa dun cacique, hoxe está na biblioteca do teleclub, podese considerar que o seu valor e incalculable.

Como tantos outros sitios, Fornelos da Ribeira non escapou dos asoballamentos e ultraxes dos feixistas, pra seguir debaixo da bota do franquismo os corenta anos longos pra moitos e curtos pra alguns que se desviven por alongar.

XOAN DE OLIVEIRA

Hino Galego

Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio trasparente
do prácido luar?
Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Beogán.

Os bós e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais sóo os iñorantes,
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

O DEPORTE NA BISBARRA

É pena que na nosa seición desportiva soio teñamos un protagonista: o futbol. Pro é que, desgraciadamente, os demais deportes ou non eisiten o cásaque non teñen entidade. Iste é o caso do G.A.D. Pontearеas e a S. D. Salvaterra de balonmàn ambolos dous. Teñen pouca proteición, nula difusión, e por riba, a maioría do pobo descoñece hastra que eisisten. É a consecuencia da nula formación deportiva que se fixo nos colexios, nas sociedades, e nos axuntamentos co beneplácito dos diferentes gobernos.

No próusimo número, ofreceremos xa os resultados e crasificaciós deste deporte.

FUTBOL

Resultados da xornada 20-11-77.

SERIE A:

Barallobre 2 - Caselas 0.

SEGUNDA COMARCAL:

Salvaterra 1-S. D. Ponteareas 1

TERCEIRA COMARCAL:

Mos 1-Neves 0
Mondariz 1- Prog. Fornelos 3.
Arbo 3-Comesaña 0
Areas 6-Pazos 0
Cañiza 1-Condado 1
Creciente 2-Tea 0

Bufonadas

Dende fai algùn tempo, e probablemente sin o permiso dos seus pais, anda un fato de pequenos mamaleites da burocracia feixista facendo tal serie de bufonadas, que si non os coñecèramos coma os coñecemos pensariamos que eràn producto/soio da sua subnormalidade

Autodenominanse JAN (Juventude de Acciòn Nacional). Os seus hobbys: pintar nas paredes barrabasadas tales como «rojos al paredòn» ou «celulosa sí» «Franco, presente» (ainda non se enteraron de que morreu), amenazar a xente por medio de anònimos, etc. etc.

A nòs particularmente nonos molestan moito, ainda que tamen recibimos un anònimo deles firmado con un «ariba España», que dì moi pouco en favor da sùa ortografía.

Como o escomenzo decìamos conocemolos a todos, e son: Antonio Ursaiz de Gutierrez de Teheran, etc. etc. fillo do que foi Segredario do Xuzgado de Pirmeira Instancia D. Antonio, oriundo de Madrì. «Incontrolado Pescadilla» fillo do dono do bar «O Tunel»; o fillo do Alcalde; «Mitos», fillo dun excombatiente da legiòn, traballa na Notarìa; Toñito Garrido, alias «Pepiño Tula»; o fillo de Antonio o Taxista, e algùn macaquiño màis.

Facemos públicos os nomes, pra que cando algunha persoa os vexa facer as tonterìas que teñen por costume, llo digan òs pais pra que se enteren.

O pior de tudo ìsto è cos tales rapaces estàn manexados por Antonio Castro, irmàn do Alcalde, e cos mete nestos problemas pra defender os seus intreses.

Os nosos Erros

No noso xornal denanterior, informabamos na páxina adicada o cacique Castro, que o Alcalde de Salceda había participado na creaciòn e redaiciòn dos estatutos da Mancomunidade, referíamonos ó cacique Jaime i ó seu fillo Chicho, e daquela era Alcalde D. Manuel González Barros, persoa honrada, que nos consta, non tivo en que ver con ísto.

Tamén na mesma información, decíase co Emilio Mariño había usurpado unha finca comunal pra almacén en Areas. Ista información era tamén errada, a devandita finca foi mercada polos hirmans Mariños a un partícular. Pregamos disculpas.

No artigo «A Casa Queimada», trabucamos os nomes, onde debía decir «O Sapo», púxemoslle «Cazapo».

Coidamos que é de xusticia facer as rectificaciós e poñer as cousas no seu lugar, xa co noso lema é decir a verdade pese a todolos pesares.

A Redaición

Castro Cabrease

O cacique Castro cabreouse polas verdades que se dixeron no noso xornai. Imos apricar aquel vello refràn que dì; «Non as fagas e non as temas». Si Castro houbese actuado con honradez, nada teriamos que decirlle, pro como non foi así, non temos máis remedio que falar craro diante dos nosos veciños.

Castro (e os demais caciques) debe saber de de agora en diante non lle imos a pasar unha. Debe saber que è o pobo quèn manda e non os Alcaldes postos a dedo. Debe saber co pobo non è tonto, e que sabe calibrar as cousas con sabidurìa, e si fai falla, ten arrestos pra facer xusticia. En fin, Castro debe saber dunha vez por todas que està acabado politicamente, que è un cadavre, e que por moito que patalexe de nada lle vai servir.

Omillor que pode facer, si quer seguir o noso consello é dimitir e retirarse a vivir tranquilo (si a sùa concencia llo permite), o pobo, serìa a ùneca cousa, que lle agradescerìa.

Noticia de Salvaterra

A consecuencia dunha enfermedade cardíaca dimitiu o alcalde de Salvaterra. Fíxose cargo da alcaldía Enrique, unha persoa da que o Pobo espera que siga no camiño da sua honradez, e desde o cargo que ocupa defenda os intereses dos veciños. Si vai por ese camiño terá o apoio de todos nos.

XX. VV.

NOTA NECROLOXICA

LEMBRANZA A ROBERTO PARDO DE PONTEAREAS

Fai uns días enterramos a Roberto Pardo, i enterrámolo con pena, pero tamen con amor, co amor que merecía pola sua bondade, polo agarimo que lle tiñamos e, pola sua entrega na loita polos probes polos esplotados e indefensos.

Roberto Pardo, loitou decotío pola libertade de todos nos, por iso, merece que eiquí, neste voceiro popular deixemos constancia do noso respeto e da nosa admiración por él. E tamen desde eiquí damos unha aperta de solidaridade na pena que embarga a sua familia, seus amigos e camaradas.

A Xunta de Veciños do Condado

dende o seu voceiro "A voz do Condado"

quer facer chegar a todos...

labregos, traballadores, profesionales,

emigrantes... a mais sinxela felicitación

nas prousimas festas do Nadal.

Prégavos xunguirse a Xunta

pra que o prousimo Ano 78

os familiares ausentes atopense

na Nacion Galega.

¡Viva Galicia Ceibe!